

## REGULAMENTO EMISORA MUNICIPAL

### REGULAMENTO DA EMISORA DE RADIO MUNICIPAL DE LAXE

Publicación provisional : 20-05-2004 BOP Nº 00 -- Publicación definitiva : 20-05-2004 BOP Nº 00  
Redacción aplicábel dende 20-05-2004

#### Título preliminar.

A emisora municipal de Radio Laxe créase polo Concello co obxectivo de fomentar a información e participación dos veciños en tódolos problemas que afecten ó municipio.

O consello desta emisora municipal ten carácter consultivo, configurándose como órgano básico de participación no relativo ás decisións que, nesta materia, lle corresponda á corporación municipal.

A emisora municipal garantirá unha información obxectiva e pluralista, así como a participación de calquera forza política ou asociación social ou económica, e persoas individuais, non podendo discriminar a ninguén por razón ningunha, condición ou circunstancia persoal ou social, pola súa ideoloxía ou crenzas.

A liberdade de expresión, o acceso a tódolos sectores sociais e forzas políticas, a igualdade de oportunidades á hora de expoñer as diversas posicións e o pluralismo informativo constituirán os eixes básicos da súa programación.

A concepción da radio como medio vivo e participativo, dinamizador da vida do Concello e capaz de acerca-lo labor municipal ós veciños, así como a consciencia do importante papel que ten que xogar á hora de fomentar a nosa cultura, son cuestións fundamentais que animan ó nacemento da emisora de radio municipal.

O idioma oficial da emisora é o galego, sen prexuízo do recoñecemento dos dereitos lingüísticos individuais das persoas ou entidades ás que se lles solicita a súa colaboración ocasional ou ás que se lle invite a participar nos diferentes programas.

A emisora municipal de Radio Laxe caracterízase polas cualidades que se sinalan seguidamente:

- Ser un medio de comunicación de titularidade pública.
- Configurarse coma un medio de comunicación institucional, nado para propiciar novas canles de información entre administradores e administrados.
- Trátase dun medio de comunicación local, tanto no referente ó seu ámbito de emisión como os contidos da súa programación, prestando especial atención á comunidade que o sustenta.
- Promocionar e protexer a lingua galega.
- Garantir a obxectividade, veracidade e a imparcialidade das informacións.
- Separar entre informacións e opinións, identificando sempre a quen comuniquen estas últimas e a súa libre expresión, cos límites que marca o apartado 4 do artigo 20 da Constitución española.
- Respetar o pluralismo político, relixioso, social, cultural e lingüístico.
- Protexer á mocidade e á infancia, excluindo a exaltación da violencia e a apoloxía dos feitos e conductas atentatorias contra a vida, a liberdade e a igualdade entre homes e mulleres.

#### Título I. Obxecto, natureza e fins

---

### **Artigo 1.º**

Ó abeiro do disposto na Lei 11/99, do 8 de abril, de Organización e Control das Emisoras Municipais de Radiodifusión sonora, e na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Base de Réxime Local, o control e xestión da emisora municipal de Radio Laxe, correrá por contra da propia entidade local; quen, en aras de fomenta-la participación veciñal, procederá á constitución do consello de administración da emisora municipal Radio Laxe, como órgano consultivo ó que se lle atribúen as funcións e competencias recollidas expresamente neste regulamento.

### **Artigo 2.º .**

A finalidade principal do consello consistirá na elaboración dos criterios e normas de actuación da emisora, e na vixilancia e cumprimento dos mesmos. Velará polo mantemento da emisora, como medio de comunicación aberto a toda a poboación e á participación veciñal.

### **Artigo 3º.**

Para o cumprimento dos seus fins, correspóndelle ó consello:

- O nomeamento do director/a da emisora.
- A dirección e goberno da emisora municipal.
- A supervisión e aprobación dos plans de actuación da emisora.
- A promoción, xestión e aprobación de melloras técnicas e de obras, que poidan resultar beneficiosas para o mellor funcionamento da emisora.
- Coordina-las relacións entre a emisora e as institucións públicas e privadas.
- Propoñer ó Pleno do Concello aquelas melloras técnicas e as modificacións do servizo, relacionadas cos fins do consello.

## **Título II. Órganos de goberno.**

### **Artigo 4.º .**

Son órganos de goberno da emisora:

- Consello de Administración.
- Consello de Emisión.
- Presidente
- Director

### **Artigo 5º.**

O Consello de Administración, que será o órgano superior de goberno, estará formado de acordo coa composición que se relaciona seguidamente:

a) Presidente: o alcalde do Concello ou concelleiro en quen delegue.

b) Os concelleiros designados por cada un dos grupos municipais, segundo a súa representación no Pleno do Concello e no número que seguidamente se relaciona:

- De un a catro concelleiros: 1 representante.
- A partir de catro concelleiros: 3 representantes.
- c) Dous representantes do cadro de persoal e colaboradores da emisora elixidos nos termos establecidos no artigo 6.
- d) O director da emisora.
- e) O Secretario do Concello, nos termos establecidos no artigo 18.
- F) Un representante das asociacións existentes no municipio, que elixirán elas entra sí.

### **Artigo 6.º .**

Os representantes do cadro de persoal e colaboradores serán elixidos por eles mesmos en asemblea entre os candidatos que se presenten, podendo delega-la súa representación entre os colaboradores elixidos como reservas.

Terán a condición de colaboradores as persoas que participan na programación da emisora altruistamente e que posúan unha continuidade mínima no seu labor de tres meses.

Causarán baixa como colaboradores cando abandonen voluntariamente, previa comunicación ó director, os seus labores na emisora ou cando deixen de cumprilas, sen causa xustificada, durante dous programas semanais ou catro diarios.

O mandato dos representantes elixidos está referido ata cada renovación da corporación municipal.

Os representantes poderán seren destituídos a petición propia, por serlles retirada a confianza pola asemblea ou por baixa coma colaboradores.

No caso de destitución dun representante, calquera que fose o motivo do mesmo, estaremos ó disposto nos parágrafos 1.º e 2.º deste artigo.

Calquera cambio que se produza no transcurso do mandato dos representantes dos colaboradores, haberá que comunicalo por escrito ó presidente do consello de administración

### **Artigo 7.º**

Corresponde ó consello de administración da emisora, as seguintes funcións:

- Someter ó Pleno do Concello a modificación deste regulamento.
- Propoñer ó Pleno do Concello a modificación do cadro de persoal.
- Aproba-las propostas de programación.
- Informa-lo balance económico da emisora.
- Cantas funcións acordes cos fins regulamentarios sexan precisas.

### **Artigo 8.º**

O consello de emisión estará constituído polo alcalde do Concello ou concelleiro-delegado, polo director da emisora e por cinco representantes do cadro de persoal e colaboradores elixidos en asemblea, e terá as seguintes funcións:

- Elaborar propostas de programación.
- Velar por unha programación de calidade.
- Asesorar ó director en tódalas cuestións relativas á programación e funcionamento ordinario da emisora.
- Supervisa-la contratación de espazos publicitarios, así como a súa programación.

### **Artigo 9.º**

Corresponde ó presidente:

- Te-la representatividade do consello.
- Convocar, presidir, suspender e levanta-las reunións do consello de administración.
- A superior dirección da emisora.
- Informar dos pagamentos, de acordo coas normas de execución do orzamento municipal.
- Resolve-los asuntos de competencia do consello non encomendados expresamente ó consello de administración.

### **Artigo 10.º**

Serán funcións do director:

- Preparar e executa-la programación da emisora, previa consulta ó consello de emisión e a súa aprobación polo consello de administración.
- Supervisar e coordina-la programación.
- Administra-la emisora e velar polo seu bo funcionamento e conservación.
- Executa-los acordos que lle sexan encomendados polo consello de administración e polo presidente.
- Exerce-la responsabilidade directa sobre o persoal que preste servizo na emisora.
- Prepara-la memoria e estado das contas anuais para a súa aprobación polo consello de administración.
- Outras funcións acordes cos fins regulamentarios.

### **Artigo 11.º**

Sen prexuízo das funcións atribuídas ós diferentes órganos do Consello, corresponderá en todo caso ó Pleno do Concello:

- A interpretación, modificación ou extinción do presente regulamento.
- A determinación das partidas específicas que haxan de consignarse no Presuposto Xeral da Corporación, para o cumprimento dos fins propios da emisora, como consecuencia das obrigas que, como máximo se podan recoñecer e os dereitos que se prevean liquidar durante o correspondente exercicio.
- A aprobación do cadro de persoal contratado, no seu caso, e a forma de xestión da emisora.
- As atribucións derivadas do presente regulamento e das leis xerais.

### **Título III. Réxime de sesión**

#### **Artigo 12.º**

O consello de administración reunirse unha vez cada trimestre. O consello de emisión celebrará reunión unha vez cada mes.

#### **Artigo 13.º**

Non obstante o disposto, cando a importancia ou urxencia dos temas así o recomende, ou cando o soliciten a metade dos membros do consello de administración, este poderase reunir en sesións extraordinarias.

#### **Artigo 14.º**

A convocatoria de reunións terá que ser notificada con corenta e oito horas de antelación, achegada da orde do día asinada polo presidente.

#### **Artigo 15.º**

As reunións do consello de administración entenderanse validamente constituídas cando asistan o presidente, o secretario (ou quen por delegación os substitúan), coa asistencia, en primeira convocatoria, da metade máis un dos membros, e en segunda convocatoria (senalada media hora máis tarde que a primeira) de, polo menos, tres dos seus membros.

#### **Artigo 16.º**

Os acordos son válidos cando se adopten co pronunciamento favorable da maioría dos asistentes.

#### **Artigo 17.º**

Causarán baixa coma membros do consello aqueles que falten inxustificadamente, e sen nomear suplente, a tres reunións seguidas, convocadas nos termos que se establecen neste regulamento. A baixa dun membro do consello comunicárase ó ente que o propuxo para que proceda á súa substitución nos termos regulados no presente regulamento. De non proceder á substitución solicitada, a entidade propoñente quedará sen representación no consello

#### **Artigo 18.º**

Exercerá a Secretaría do Consello de Administración o Secretario do Concello de Laxe, ou Funcionario municipal en quen delegue, con facultades fedatarias e de asesoramento legal.

O secretario terá voz, aínda que non voto, e levantará acta de tódalas sesións, que quedarán debidamente encadernadas co obxecto de forma-los libros correspondentes; quedando autorizadas coas sinaturas do presidente e secretario.

Exercerá a Secretaría do Consello de Emisión o director da emisora, que actuará con voz e voto. levantará acta de tódalas sesións, que quedarán debidamente encadernadas co obxecto de forma-los libros correspondentes; quedando autorizadas coas sinaturas do presidente e secretario

### **Título IV. Réxime económico**

### **Artigo 19.º**

Os recursos económicos con que conta a emisora serán os procedentes de:

- a) A consignación orzamentaria recollida no orzamento municipal de gastos de cada exercicio económico.
- b) A concesión das subvencións que sexan solicitadas ós organismos competentes.
- c) Os ingresos que se perciban no concepto de publicidade, previstos para tal efecto na ordenanza reguladora do prezo público por publicidade na emisora municipal de radio.
- d) Os contratos de publicidade serán asinados polo/a concelleiro/a delegado/a.

### **Artigo 20.º**

Os colaboradores/as que contraten publicidade recibirán o 30% da facturación da mesma. O 70% restante reverterá no mantemento das instalacións e material da emisora, sempre que sexa necesario, senón, engadiranse ó presuposto xeral do Concello.

O alcalde do Concello ou concelleiro/a en quen delegue será quen xestione o orzamento e controlará o estado de gastos e ingresos da emisora.

### **Artigo 21.º**

Nos dous primeiros meses de cada ano o consello de administración, na xuntanza ordinaria que se terá que convocar -entre os asuntos, para esta finalidade- aprobará a memoria e o balance do exercicio económico anterior e formará comisións de traballo.

## **Título V. Do Persoal**

### **Artigo 22.º**

A Emisora de Radio disporá do persoal necesario, funcionario ou laboral, para o cumprimento dos seus fins. Este persoal estará integrado na plantilla do Concello.

## **Disposicións adicionais**

### **Primeira.**

Previsto no artigo 61, núm. 2, da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, que - durante as campañas electorais- os partidos, federacións, coalicións e agrupacións que concorran ás eleccións teñen dereito a espazos gratuítos de propaganda, nas emisoras de radio de titularidade pública: concrétese que a distribución destes espazos gratuítos de propaganda electoral efectuarase polo consello de administración, de conformidade coas previsións contidas na citada Lei Orgánica 5/1985, e tendo en conta as posibles directrices que poida sinalar para tal efecto a xunta electoral competente.

### **Segunda.**

Facúltase á Alcaldía para dictar cantas disposicións se consideren necesarias para a correcta aplicación no disposto neste regulamento.

### **Disposición final.**

---

O presente regulamento entrará en vigor unha vez publicado no Boletín Oficial da Provincia e teña transcorrido tamén o prazo de quince días hábiles a que se refire o artigo 70, núm. 2, en relación co artigo 65, núm. 2, da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local; e comezará a aplicarse a partir do día seguinte, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

LAXE, 20 de maio de 2004.